



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Discapacidade Física | Código | 653G01303 | |
| Titulación | | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 7.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Pousada Garcia, Thais | Correo electrónico | thais.pousada.garcia@udc.es | |
| Profesorado | Pousada Garcia, Thais | Correo electrónico | thais.pousada.garcia@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumno/a ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional, no adulto con discapacidade física, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional do terapeuta ocupacional neste ámbito.</p> <p>Descritor:</p> <p>Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica.</p> <p>Terapia Ocupacional para a integración do adulto con discapacidade física. Aplicación da actividade ocupacional.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--------------------------------------|-----------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia do usuario nas áreas de desempeño ocupacional (Actividades da Vida Diaria, Actividades Instrumentais da Vida Diaria, Traballo Educación, Ocio e Tempo libre e participación social), baseándose nos seus diferentes contextos (físico, cultural, social, persoal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional. | A9 A10 | B3 B9 | C7 |
| Manter e mellorar a calidade de vida dos usuarios. | A15 A20 A24 | B9 | C7 |
| Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional. | A6 A9 A11 A13 A14 A23 | B24 | C4 |
| Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco no adulto con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais. | A20 A29 | B3 B9 | C7 |
| Intervir no adulto con discapacidade física coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal. | A7 A8 A17 A18 A19 A29 | B3 B9 B24 | C7 |



| | | | |
|---|------------|----------|----|
| Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa. | A10 A16 | B4 B9 | C7 |
|---|------------|----------|----|

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título.) | 1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar 1.2 Análise das principais ocupacións no adulto 1.3 Análise dos recursos comunitarios 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores |
| Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título) | 2.1 Aproximación desde Terapia Ocupacional 2.2 Historia de vida |
| Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Adulto I | 3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico 3.2 Análisis y reflexión de los contextos históricos y socioculturales |
| Tema 4.- Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para o Adulto I | 4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional 4.4 Relación co equipo interdisciplinar 4.5 Perfil dos usuarios |
| Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional no Adulto I: Autonomía persoal e Participación Social (Tema transversal do nivel intermedio do título.) | 5.1 Derivación 5.2 Screening e valoración inicial 5.3 Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional aplicados ao eido de adultos I: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Modelo Cognitivo Perceptual, Modelo do Desempeño Ocupacional (Australiano), Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso; Modelo de Integración sensorial* 5.4 Avaliación ocupacional: usuarios, institucións e poboacións 5.5 Avaliación dos contornos significativos: domicilio centro de formación, centro laboral, centro de ocio e tempo libre y demais recursos comunitarios 5.6 Planificación de metas e obxectivos coa persoa e coordinación co equipo interdisciplinar 5.7 Intervención desde Terapia Ocupacional. Consenso co usuario/familia/profesionais, tendo en consideración os contornos significativos, as características e as prioridades do usuario, así como as patoloxías de maior incidencia que poden causar disfunción ocupacional (enfermidades neurolóxicas, enfermidades dexenerativas, afectacións osteoarticulares, afectacións sensoriais) 5.8 Os produtos de apoio: factores ambientais que actúan como facilitadores/barreiras de participación en ocupacións do adulto I** 5.9 Asesoría de terapia ocupacional cos adultos: demais profesionais, familiares, amigos e outros. 5.10 Planificación da alta, seguimento e derivación. |
| Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Adulto I | 6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, planificación, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros). 6.2 Actualización permanente do profesional. |



| Planificación | | | | |
|--------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Estudo de casos | A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C4 | 20 | 25 | 45 |
| Prácticas de laboratorio | A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7 | 24 | 30 | 54 |
| Proba mixta | A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 | 2 | 30 | 32 |
| Aprendizaxe servizo | A6 A9 A10 A11 A16 A17 A19 B4 C4 | 10 | 10 | 20 |
| Sesión maxistral | A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A24 A29 B3 B24 C4 C7 | 25 | 9.5 | 34.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Estudo de casos | <p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> |
| Prácticas de laboratorio | <p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> |
| Proba mixta | <p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> |
| Aprendizaxe servizo | <p>Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> |



| | |
|------------------|--|
| Sesión maxistral | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> |
|------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|---|
| Prácticas de laboratorio | A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais. |
| Estudo de casos | O docente responsable da materia estará dispoñible no despacho do centro segundo o horario de titoría, establecido ó inicio da materia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|---|---|---------------|
| Sesión maxistral | A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A24 A29 B3 B24 C4 C7 | A asistencia será obligatoria e valorarase a capacidade do alumno/a para integrar de forma activa os conceptos teóricos impartidos na clase ó mesmo tempo que demostra, de forma progresiva a integración das competencias da materia. | 5 |
| Prácticas de laboratorio | A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7 | <p>Valorarase 1) actitude e a participación: Actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación: (interacción empática, proactiva, analítica e constructiva); Respecto (ós participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); Responsabilidade (consigo mesmo/a e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe).</p> <p>Asemesmo, valorarase 2) a memoria do laboratorio: cumprir as instrucións, a presentación (coidado, ortografía, linguaxe) e reflexión (elaboración, integración e crítica de todos os contidos do laboratorio).</p> | 30 |



| | | | |
|-----------------|---|--|----|
| Estudo de casos | A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C4 | Nesta metodoloxía valorarase tanto o proceso de traballo coma o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Por tanto, terase en conta a evolución do alumnado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda) así coma a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso de traballo. En canto o contido valorarase que o caso sexa coherente co proceso de Terapia Ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da/s persoa/o / poboación, as súas ocupacións e contornas, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos de práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persoa Entorno Ocupación, Modelo da adaptación a través da Ocupación, Modelo Australiano de Terapia Ocupacional, Modelo do Déficit Cognitivo, Modelo de habilidades adaptativas ou o Modelo da saúde a través das actividade, entre outros. Finalmente na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así coma a capacidade de expresión escrita (erros gramáticos e ortográficos valoraranse negativamente) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal dacordo ó foro). A avaliación desta metodoloxía contemplará tamén o traballo realizado polo estudante nas actividades de Aprendizaxe - Servizo | 30 |
| Proba mixta | A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 | Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos. | 35 |

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art.º 5 do Real Decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable).

Considerarase como ?Non presentado? (NP) aquel estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorre ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado como ?Non presentado?: a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que o estudante ten por materia.

Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puiden establecer.

Se valorará a puntualidade e a asistencia obrigatoria a todas as horas presenciales das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, o alumno debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada una das metodoloxías que conforman a asignatura. Ademais, será necesario ter unha calificación mínima de 1.75 (sobre 3.5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a calificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/a acadara dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta. As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa calificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobadas e superada a proba mixta.

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa.

Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <p>Abreu, B.C. y Togliá, J.R. Cognitive rehabilitation: A model for occupational therapy. En American Journal of Occupational Therapy,1987: 41, 439-448. American Occupational Therapy Association. Occupational Therapy practice framework: Domian and process. Am J Occu Ther, 2008;62:625-683. Chapinal Jiménez, A. Rehabilitación de las manos con artritis y artrosis en la terapia ocupacional. Barcelona: Masson, 2001-2008. Christensen, A. L., Uzzeli, B. Brain injury and neuropsychological rehabilitation. Hillsdale, N.J.: Lawrence Erlbaum Associates;1994. Christiansen, Ch., Baum, C. Occupational therapy: performance, participation, and well-being. Thorofare, NJ: Slack, 2005. Grieve, J. Neuropsicología para terapeutas ocupacionales: cognición en el desempeño ocupacional. Madrid: Panamericana; 2009. Hagedorn, R. Foundations for practice in occupational therapy. Edinburgh : Churchill Livingstone; 1997 Blesedell Crepeau E, Cohn E.S., Boyt Schell, BA. Willard & Spackman, Terapia ocupacional. Buenos Aires : Médica Panamericana, 2011 Itzkovich, M. Loewenstein Occupational Therapy Cognitive Assessment (LOTCA) manual. Pequannock, N.J. : Maddak Inc.;2000 Law M et al. Medida canadiense de rendimiento ocupacional, (COPM). Ottawa: CAOT; 2005. Muñoz Céspedes, J.M. Rehabilitación neuropsicológica. Madrid: Síntesis;2001Neistadt, ME. Occupational therapy evaluation for adults a pocket guide Baltimore: Lippincott Williams & Wilkins; 2000. Organización Mundial de la Salud. Clasificación internacional del funcionamiento, de la discapacidad y de la salud. Madrid: Instituto de Migraciones y Servicios Sociales; 2001. Paeth Rohlfs, B. Experiencias con el concepto Bobath: fundamentos, tratamiento, casos. Madrid: Médica Panamericana; 2007. Paget, SA. Reumatología y ortopedia ambulatoria.M adrid: Marbán; 2001. Pedretti, L.W., Zoltan, B. Occupational therapy practice skills for physical dysfunction. St. Louis: Mosby; 2001. Pelegrín, C., Muñoz Céspedes, J.M. y Quemada, J.I. Daño cerebral traumático: Aspectos clínicos y terapéuticos. Barcelona. Prous Science; 1997 Perfetti,C. El ejercicio terapéutico cognoscitivo para la reeducación motora del hemipléjico adulto. Barcelona: Edika-Med; 1998. Polonio López, B; Durante Molina, P. Terapia ocupacional aplicada al daño cerebral adquirido. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2010. Polonio López, B.Terapia ocupacional en discapacitados físicos teoría y práctica. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2004. Radomski, MV. Occupational therapy practice guidelines for adults with traumatic brain injury. Bethesda, Md.: American Occupational Therapy Association; 1999. Reed, K. Quick reference to occupational therapy. Gaithersburg, MD : Aspen, 2001 Rodríguez LP. Medida de la Independencia Funcional. Guía para la utilización del sistema de datos uniformes para Medicina Física y Rehabilitación. New York: Research Foundation State University of New York, 1991. Rodrigues de Prado de Carlo MM, de Miranda Luzo, MC. Terapia ocupacional reabilitação física e contextos hospitalares. São Paulo: Roca; 2004. Sebastián Herranz, M; Noya Arnáiz, R. Adaptación de puestos de trabajo. Guía de referencia. Madrid: CEAPAT; 2009. Sebastián Herranz, M; Valle Gallego, I; Vígara Cerrato, A.Guía de orientación en la práctica profesional de la valoración reglamentaria de la situación de dependencia: productos de apoyo para la autonomía personal. Madrid: CEAPAT; 2012. Scheiman, M. Low vision rehabilitation: a practical guide for occupational therapists. Thorofare: Slack; 2007. Shacklock, M. Neurodinámica clínica: un nuevo sistema de tratamiento musculoesquelético. Barcelona: Elsevier; 2007. Trombly, C.A. Terapia ocupacional para enfermos incapacitados físicamente. México : La Prensa médica mexicana;1990 Turner, A.; Foster, M.; Johnson, S.E. Terapia ocupacional y disfunción física principios, técnicas y práctica. New York: Churchill Livingstone; 2002. Tyerman, R. The Chessington O.T. neurological assessment battery. Leicestershire: Nottingham Rehab Supplies;1986.</p> |
| Bibliografía complementaria | <p>Esclarín de Ruiz. Lesión medular: enfoque multidisciplinario. Madrid: Paramericana; 2009. Gómez Tolón. J. Fundamentos metodológicos de la terapia ocupacional. Zaragoza: Mira;1997. González Mas, R. Rehabilitación médica. Barcelona: Masson; 1997. Hazel, MC. Proceso evaluativo musculoesquelético amplitud del movimiento articular y test manual de fuerza muscular. Barcelona: Paidotribo; 2003. Iwama, MK. The Kawa model: culturally relevant occupational therapy. Edinburgh: Churchill Livingstone Elsevier; 2006. Kielhofner,G. Modelo de ocupación humana: teoría y aplicación. Buenos Aires : Médica Panamericana; 2011. MacDonald, E. M. Terapéutica Ocupacional en Rehabilitación. Barcelona: Editorial Salvat; 1979. Reed, K. Models of Practice in Occupational Therapy. Editorial Williams and Wilkins; 1984. Reed, K. L. Concepts of Occupational Therapy. Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins; 1999. Viladot Voegeni, A. Lecciones básicas de biomecánica del aparato locomotor. Barcelona: Springer;2000.</p> |



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir co obxectivo estratéxico 9 do " I Plan de Sostenibilidade Medio-ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a. - Na súa maioría solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.

2.- O profesor responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías